



T.O.R.

Novo cuarteto de referencia no folk céltico atlántico galego, nado en 2018 e composto por catro músicos de diversas influencias e con longa traxectoria no panorama folk e celta internacional: **Cástor Castro** (fautas de madeira, buzuquí, ulna), **Félix Castro** (anglo concertina, acordeón diatónico, gaita galega, gaita de cana), **Xosé Liz** (buzuquí) e **Álvaro Iglesias** (Contrabaixo).

O repertorio do grupo componse de *sets* de temas *instrumentais* orixinais tomados da tradición galega e algunhas composicións propias, provenientes principalmente do traballo de campo do *Arquivo Castro Vicente*, durante máis de trinta anos. Ademais incorporan novos temas ibéricos das músicas portuguesas, vascas o castelás.

Xunto coa liña melódica guiada por instrumentos como a *gaita*, *frauta*, o *acordeón diatónico* e a *angloconcertina*, a potente base harmónica complétana o *buzuquí* e o *contrabaixo*, conformando un son acústico, reelaborado dun modo concordante cos traballos que se fan hoxe en día no folk atlántico europeo.

Sets poderosos de muiñeiras, xotas, alboradas e pasacorredoiras, sucédense con outros temas máis pausados como alalás, cantos de reis, vales ou mazurcas.

En **2020** editaron o seu primeiro CD «*TOR-Folk Céltico da Galiza*» con gran éxito de crítica.

Agora traballan na BSO da película «*Luarada*» (Zinemusik) sobre *Manuel Blanco Romasanta*, o *Lobishome de Esgos*; no proxecto *Kallaikos* de Paco Boluda, e no *segundo CD de TOR*, que entrarán a gravar o 12 de Outubro de 2023, e presentarán no verán de 2024.

Semifinalistas nos **Premios MIN 2021** de Música Independente españois, a finais de 2022 alcanzaron postos destacados no **TOP40 Global** en www.ethnocloud.com, plataforma mundial de Músicas Étnicas e de Raíz, radicada en Canadá, chegando ao posto **nº I** no **TOP40 West European** no vídeo «*Alboradas*», manténdose nos primeiros postos dende entón (en setembro de 2023, no 4º posto). O 18 de Abril de 2023 Ethnocloud nomeounos *Artist of the Day*.

O 24 e 31 de decembro de **2022** emitíuse o programa especial "**Inimitables**" da Televisión de Galicia TVG adicado a «*Os Cacharreiros de Niñodaguia. A Terra nas Mans*», con música de TOR, o programa máis visto en Galicia nesas datas de Nadal.

En setembro de **2023** pasado foron finalistas nun dos máis prestixiosos certames Folk da península, o **Folkez Blai** de Ermua (Euskadi).



Top 40 Tracks - December : West European		Top 40 Videos - December : West European	
1	Unsuspected Universes - Gnosserne 3 Giles Zimmermann	1	Breaking of the Ties James J Turner
2	Alboradas TOR - Folk Céltico Da Galiza, Galician CelticTrad Music	2	MY MIND MARCO PERRICE
3	Breaking Of The Ties James J Turner	3	Pinxalda de Argomoso & Muñeira de Vilaquinte TOR - Folk Céltico Da Galiza, Galician CelticTrad Music
4	Moonlight Over The Garden Paul Vens & Friends	4	Mazurca do Cachoupiño TOR - Folk Céltico Da Galiza, Galician CelticTrad Music
5	The Forest Debbie Dee	5	Carol of the Bells - Hurdy Gurdy Cover Sheonator Peak



Páxina web e vídeos de presentación da banda

🌐 <https://torgaliza.es>



<https://www.facebook.com/torgaliza/>


CD DIXITAL (Inquedanzas Sonoras 2020)

En [The Orchard](#)

[Libreto do CD](#)

[DOSSIER completo](#)

[Concerto](#) Uvigo (12/2020)



FOLK · CELTICO · DA · GALIZA

Cástor e Félix Castro foron fundadores do grupo folk asturiano **Felpeyu** en 1991, colaboradores de Pancho Alvarez e Aula Gomes Mouro, e membros do quinteto tradicional **Lubicans**. En investigación musical teñen publicado *O catálogo de Música tradicional da Limia, libro-cd Sons da Limia*, exposición e congreso sobre *Faustino santalices* (catálogo y actas), publicacións e cursos etnográficos centrados na figura de *Manuel Blanco Romasanta*, o lobishome de Esgos, exposicións sobre grimorios españois «Os Libros do demo», Deputación de Lugo, ou «*San Cipriano o Mago: De oracións, cipriniallos e tesouros*» no Museo Etnolóxico de Ribadavia e Sala Marcos Valcárcel de Ourense (2021, 2022)...

Xosé Liz é un músico de recoñecido prestixio nacional e internacional e no folk galego e Celtic Music, con máis de corenta producións cos mellores artistas galegos (Cristina Pato, Susana Seivane, Rodrigo Romaní, Anxo Pintos, Anxo Lorenzo, Begoña Riobo...) e é habitual nos grandes escenarios (Festival Intercéltico de L'orient, Celtic Connections, Piping Live, Vall D'aOsta, Scottish Weekend...). Músico profesional, produtor, arranxista e compositor; profesor titular de frauta e corda pulsada na prestixiosa escola de música folk e tradicional **E-Trad** de Vigo dende o 2009. Recentemente ten publicado o seu primeiro CD en solitario «El Cantar de los flautares».

Álvaro Iglesias, formado en música clásica, desenvolve a súa carreira en la música tradicional galega. Seus Mestres foron o lituano Iminas Kucinskas, Cris Gándara, Camilo Freire ou Carlos Méndez. Formou parte das bandas Tres, Carlos Núñez, Pancho Alvarez, Faltriqueira, ou o gaiteiro Anxo Lorenzo, participando en festivais internacionais. Traballa en grabacións, composición ou colaboracións en máis de trinta discos e documentais para TVG ou Discovery Channel.

Actualmente, forma parte das bandas Arán, Entre trastes, Ardentía, Son de Seu, o Rodrigo Romaní. Produtor, compositor, arreaanxista e freelance en gravacións de estudio ou colaboracións. Leva publicados dous CDs en solitario: «Alma» e «Vagalume».



· REQUERIMENTOS · TÉCNICOS:

Félix Castro:	Anglo concertinas	2 Conectores XLR / 1 conector jack
	Acordeón diatónico	-Melodía Conector XLR
		-Baixos Conector XLR
	Gaita galega/cana	-Punteiro Micro Sennheiser MD44I-U
		-Ronco Micro de Pinza (Shure Beta 98 ou similar)
Cástor Castro:	Frautas, ocarina, ulna	Microfóno SM58 ou similar
	Presentación	
	Buzuqui	Conector XLR
Xosé Liz:	Buzuqui	Conector XLR / 1 toma de corrente
Álvaro Iglesias:	Contrabaixo	Conector XLR / 1 toma de corrente

Catro monitores. Catro cadeiras sen brazos, e un tallo alto

(O rider técnico para Tor e Convidados enviarase separadamente)

Ofrécense dous formatos de espectáculo:

TOR cuarteto

TOR e convidados, no que se incorporan os colaboradores do CD *Angel Ruiz* banjo, o tocador de banjo máis recoñecido do panorama español e gañador de varios premios internacionais de banjo en Nashville-USA; e *Pancho Alvarez* violín, recoñecido músico folk galego. Participan ademais outras tres convidadas de excepción: *Soco Rúa* pandeireta, e *Lucía Cedrón* e *David Leadbeater*, como parella de baile.

A incorporación destas colaboracións aporta un maior dinamismo e beleza ao espectáculo.

Duración do concerto: 90 minutos

CONTACTO:

Cástor Castro Vicente

C/ Santo Domingo 37, Entresuelo C

32003 Ourense

tor.celtrad@gmail.com 629875063

Contratación: Músicas ao Vivo S.Coop.Galega



MÚSICA

Tradición de hoxe mesmo

[T] **Carlos Pego**

Houbo un tempo en que o folk galego ou era céltico ou non era, aqueles anos dourados dos primeiros discos de Emilio Cao e Milladoiro, de viaxes iniciáticos a Bretaña a coñecer a un Alan Stivell que apenas sabía ren de nós. O tempo pasou e os polos de atracción mudaron, ou máis ben estendéronse a Portugal, o centro de Europa, África e calquera outra tradición que ofrecera sons e ritmos que se acoplasen á nosa.

Os irmáns Cástor e Félix Castro son dous activísimos etnógrafos ourensáns que no seu Arquivo Castro Vicente igualmente compilan unha morea de temas musicais recoleitos da tradición galega, investigan a vida do lobishome Blanco Romasanta ou a obra de Faustino Santalices. Ademais, son uns excelentes músicos que tras diferentes aventuras puxeron en marcha Tor, un grupo que recupera aquelas sonoridades atlánticas a base de frautas, bouzouki, angloconcertinas, o acordeón diatónico ou a gaita. O seu primeiro disco foi un deses produtos culturais que case se perden no medio do confinamento e que de ningunha maneira merece pasar desapercibido. Tor é unha gozosa colección de muiñeiras, valeses, mazurcas ou alalás do seu arquivo, e algunha peza máis de composición propia, que cobran nova vida nas mans de catro fantásticos intérpretes (Xosé Liz e Álvaro Iglesias completan a formación), tenden unha ponte imaxinaria coa Irlanda vintage de grupos como The Bothy Band ou Planxty.

Algo dese atlantismo hai no dúo Caamaño & Ameixeiras, pero a súa música, tamén de base tradicional, ten recendos máis afrancesados, ibéricos ou centroeuropeos. Saí-

O mellor está no virtuosismo, a graza e o encanto de dúas rapazas que só cos seus instrumentos e as súas voces son quen de poñernos a bailar e a soñar, arrincarnos o sorriso e a nostalgia. Emocionarnos, en fin, o mellor que pode facer a música por nós

TOR

Tor

Inquedanzas sonoras.

Setembro, 2020



CAAMAÑO & AMEIXEIRAS

Aire

Microscopi.

Maio, 2021



ESCENA

Performance LGTBIQ+

[T] **Afonso Becerra de Becerreá**

Entre as escénicas, a performance, en Galiza, tamén ocupa un lugar importante e merece que lle prestemos atención. Adoita converter en escenario espazos non convencionais e saca a acción dos teatros, para xerar modos de relación e recepción que afían a propia dramaturxia.

Na Fundación Luís Seoane da Coruña celebrouse o ciclo

Revista
Tempos Novos
Nº 297 Feb. 22